



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2010.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE

D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D^a María José Quindimil Suárez. PP

D. Manoel Bello Salvado. BNG

Non asisten e se excusan:

D. Adolfo Grobas Vázquez PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

SECRETARIO:

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 19 de novembro de 2010, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa da Cultura do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. ADAPTACIÓN Á LEI 2/2010 DO PLAN XERAL APROBADO INICIALMENTE. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Abre a sesión o Sr. Alcalde, sinalando que, como todos vostedes saben, e así se fai constar na proposta adxunta á convocatoria, continúaase coa tramitación do Plan Xeral pero debemos cumprir a obriga legal de adaptar o contido do mesmo á nova lei. Un representante do equipo redactor explicou xa na Comisión Informativa o contido do novo documento. Logo da modificación legal os núcleos tradicionais pasan a denominarse histórico tradicionais, desaparece a expansión de núcleo pero se introduce o núcleo rural común e, así mesmo, créase o denominado núcleo rural complexo.

Por outra banda, rematado o prazo de información pública aberto tras a aprobación inicial, podo comunicarlles que as alegacións rexeitadas supoñen en torno ó sete por cento dos propietarios deste concello, algo do que podemos congratularnos. Neste trámite de información pública fíxose un grande esforzo poñéndose a disposición dos cidadáns e de xeito gratuíto os medios humanos necesarios para o seu asesoramento.

Así mesmo, vaise remitir a cada propietario unha comunicación desta alcaldía co razoamento técnico de porqué se estima, desestima ou estima parcialmente a súa alegación. Tamén se lle vai mandar unha circular ós veciños acerca da nova exposición pública do Plan



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

que se vai facer, como se fixo da vez anterior. Paso de seguido a palabra ós portavoces dos grupos.

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que, unha vez máis, é necesario destacar que non se teña aproveitado este Plan Xeral para utilizalo como un arma política, así como que as decisións políticas estean fundamentadas en informes técnicos. Congratúlame así mesmo o feito de que se lles notifique o resultado da súa alegación ós veciños que así como o feito de que se abra un novo período de información pública que vai permitir a todo o mundo presentar as súas alegacións e evitar descontentos.

Toma de seguido a palabra o Sr. Bello quen manifesta que este concello está dando un paso histórico co Plan Xeral, e o máis importante é que sexa consensuado, que sexa obra de todos e que todo o mundo poda consultalo. Tecnicamente, eu matizaría, está ben nunha porcentaxe dun oitenta por cento. O noso grupo propón que a carta da que falou o Sr. Alcalde, sexa avalada por todos os grupos, e que proceda da Comisión, non da Alcaldía.

Resposta o Sr. Alcalde que, respecto de todas as notificacións que non teñamos a obriga de facer doutro xeito, así se fará, como xa se fixo na anterior circular. Comenta así mesmo o Sr. Alcalde que as decisións políticas baseadas en informes técnicos son fáciles de tomar, non obstante, respecto do Informe da Consellería podó dicirlles que no último ano e pico non saíu ningún informe tan favorable como o do noso Plan.

Non habendo máis pronunciamentos ó respecto, sometese a votación o seguinte acordo:

“PROPOSTA DA ALCADÍA-PRESIDENCIA Ó CONCELLO PLENO

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, considerando os antecedentes que, de seguido, se expoñen:

En data 9 de abril de 2010 o Concello Pleno aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal, incluído o Informe de sostenibilidade Ambiental, ao abeiro da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e da Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

De seguido publicouse o preceptivo anuncio de exposición pública nos diarios El Correo Gallego e La Voz de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, comezando o prazo de dous meses de exposición pública o 30 abril, día seguinte ó da publicación do anuncio no DOG, e presentándose durante o trámite de información pública 563 alegacións, segundo resulta de certificación da secretaría incorporada ó expediente.

Simultaneamente, deuse audiencia ós concellos limítrofes, evacuáronse as consultas preceptivas e solicitáronse os informes sectoriais esixidos pola lexislación vixente.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

En data 21 de abril de 2010 entrou en vigor a Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, d o 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, lei que permite que os Plans Xerais que xa estivesen aprobados inicialmente antes da súa entrada en vigor, como é o caso do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mesía, puidesen continuar a súa tramitación ao teor do disposto na Lei 9/2002, aínda que as súas determinacións deberán adaptarse plenamente á nova lei.

En data 22 de outubro de 2010 o equipo redactor presenta no Concello o documento de adaptación á Lei 2/2010, de 25 de marzo, do Plan Xeral de Ordenación Municipal, incluíndo o informe de contestación ás alegacións presentadas durante o trámite de información pública aberto tras a aprobación inicial do Plan, e incorporando ademais as modificacións derivadas das alegacións estimadas e das consultas e informes sectoriais recibidos.

Incorporáronse ó expediente os informes técnico e de secretaría.

Considerando os anteditos informes, dada a importancia da modificación legal, e dado que para maior participación veciñal e seguridade xurídica considerase oportuno un novo trámite de información pública.

É polo que por todo o que antecede, visto o ditame favorable da Comisión Informativa de seguimento do Plan Xeral, e de conformidade co disposto na disposición transitoria 1ª.2 da Lei 2/2010, de 25 de marzo, en relación co artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, propoño ó Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Prestar conformidade ó Informe Técnico de Contestación ás Alegacións presentado polo equipo redactor e incorporado como documento do Plan Xeral, e, en consecuencia, resolver, no sentido que se indica, as alegacións presentadas:*

- a) *Estimar as alegacións cos seguintes números de rexistro: 871, 885, 899, 905, 907, 908, 931, 932, 935, 948, 959, 973, 979, 982, 983, 986, 987, 988, 991, 992, 993, 1009, 1015, 1017, 1018, 1020, 1023, 1024, 1025, 1027, 1028, 1029, 1040, 1041, 1042, 1057, 1058, 1065, 1066, 1067, 1068, 1070, 1071, 1081, 1083, 1086, 1088, 1092, 1100, 1101, 1103, 1105, 1107, 1126, 1127, 1128, 1131, 1140, 1144, 1145, 1155, 1158, 1159, 1160, 1165, 1167, 1168, 1170, 1171, 1200, 1201, 1203, 1204, 1216, 1217, 1218, 1220, 1222, 1223, 1224, 1228, 1229, 1230, 1231, 1232, 1234, 1235, 1236, 1240, 1242, 1243, 1244, 1245, 1246, 1247, 1248, 1255, 1261, 1263, 1279, 1280, 1281, 1282, 1299, 1300, 1301, 1304, 1306, 1311, 1324, 1333, 1346, 1348, 1351, 1359, 1362, 1364, 1365, 1385, 1388, 1401, 1411, 1412, 1414, 1422, 1430, 1440, 1446, 1449, 1465, 1477, 1485, 1486, 1489, 1492, 1495, 1496, 1497, 1523, 1524, 1541, 1545, 1547, 1551, 1559, 1561, 1562, 1567, 1593, 1596, 1597, 1599, 1601, 1607, 1608, 1617, 1618, 1631, 1641, 1642, 1643, 1661, 1663, 1664, 1665, 1667, 1672, 1678, 1690, 1705, 1708, 1711, 1714, 1715, 1716, 1717, 1719, 1727, 1730, 1734, 1736, 1748, 1749, 1750, 1754, 1756, 1770, 1777, 1779, 1784, 1795, 1799, 1800, 1809, 1811, 1812, 1813, 1816, 1829, 1846, 1847, 1853, 1854, 1858, 1859, 1862, 1868, 1872, 1878, 1879, 1880, 1881, 1882, 1887, 1889, 1891, 1892, 1906, 1907, 1910, 1930, 1931, 1935, 1936, 1937, 1943, 1948, 1964, 1965, 1966, 1967, 1968, 1975, 1976, 1980, 1981, 1989, 1990, 1995, 1996.*
- b) *Desestimar as alegacións cos seguintes números de rexistro: 903, 904, 906, 914, 915, 930, 934, 942, 951, 952, 957, 958, 962, 972, 1008, 1010, 1011, 1012, 1013, 1014, 1019, 1022,*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1026, 1037, 1062, 1063, 1072, 1084, 1091, 1093, 1095, 1104, 1108, 1110, 1116, 1129, 1130, 1139, 1161, 1162, 1169, 1172, 1173, 1180, 1191, 1194, 1196, 1207, 1208, 1214, 1215, 1219, 1225, 1226, 1227, 1233, 1237, 1238, 1259, 1262, 1264, 1274, 1285, 1293, 1312, 1339, 1342, 1344, 1347, 1352, 1353, 1357, 1358, 1363, 1371, 1380, 1386, 1395, 1399, 1418, 1448, 1450, 1462, 1468, 1469, 1473, 1475, 1476, 1488, 1490, 1491, 1517, 1518, 1519, 1520, 1521, 1525, 1527, 1530, 1531, 1534, 1540, 1546, 1558, 1560, 1566, 1568, 1569, 1577, 1579, 1582, 1583, 1594, 1595, 1600, 1612, 1622, 1623, 1633, 1648, 1654, 1658, 1662, 1666, 1673, 1674, 1675, 1677, 1687, 1689, 1696, 1701, 1702, 1703, 1709, 1713, 1718, 1720, 1726, , 728, 1733, 1740, 1752, 1755, 1757, 1758, 1759, 1773, 1774, 1783, 1798, 1808, 1810, 1814, 1815, 1817, 1818, 1819, 1820, 1821, 1822, 1823, 1828, 1842, 1848, 1849, 1850, 1851, 1852, 1855, 1857, 1861, 1863, 1864, 1865, 1866, 1867, 1870, 1871, 1873, 1874, 1884, 1886, 1888, 1895, 1896, 1897, 1898, 1899, 1902, 1903, 1904, 1905, 1908, 1909, 1922, 1923, 1925, 1926, 1927, 1929, 1932, 1933, 1934, 1938, 1939, 1940, 1941, 1944, 1952, 1955, 1958, 1959, 1960, 1961, 1962, 1963, 1971, 1972, 1973, 1978, 1979, 1982, 1983, 1987, 1988, 1992, 1994, 2029.

- c) *Estimar parcialmente as alegacións cos seguintes números de rexistro: 923, 960, 974, 981, 984, 985, 1016, 1021, 1039, 1075, 1085, 1094, 1096, 1106, 1109, 1112, 1115, 1132, 1137, 1138, 1184, 1197, 1239, 1241, 1253, 1273, 1298, 1305, 1307, 1308, 1331, 1334, 1340, 1349, 1356, 1377, 1381, 1384, 1392, 1393, 1396, 1402, 1423, 1426, 1427, 1439, 1447, 1458, 1461, 1470, 1474, 1480, 1522, 1526, 1528, 1542, 1544, 1598, 1605, 1619, 1620, 1659, 1668, 1706, 1707, 1738, 1760, 1771, 1778, 1782, 1794, 1797, 1803, 1856, 1869, 1883, 1885, 1890, 1893, 1894, 1900, 1901, 1924, 1928, 1942, 1947, 1951, 1953, 1954, 1974, 1977, 1985, 1986, 1993.*

SEGUNDO: *Aprobar o documento de adaptación á Lei 2/2010, de 25 de marzo, do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente, e que incorpora as modificacións derivadas das alegacións estimadas e os informes sectoriais recibidos.*

TERCEIRO: *Abrir un novo período de información pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que inclúe o Informe de Sostenibilidade Ambiental, polo prazo de dous meses, efectuando a publicación dos correspondentes anuncios no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e en dous dos xornais de maior circulación na provincia (El Correo Gallego e La Voz de Galicia). O prazo de exposición pública comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no DOG, e durante o mesmo todas as persoas interesadas poderán facer uso dos seus dereitos e consultar os documentos nas oficinas municipais e presentar as alegacións escritas que estimen oportunas. Simultaneamente, e durante o mesmo prazo, se dará audiencia aos Concellos limítrofes e someterase o Plan, incluído o Informe de Sostenibilidade Ambiental, ás consultas previstas no documento de referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica.*

Así mesmo o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mesía poderá ser consultado na páxina web municipal: <http://concellodemesia.es>.

CUARTO. *Recabar das Administracións Públicas competentes os informes sectoriais previstos pola Lexislación sectorial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.*

En Mesía, 16 de novembro de 2010 O alcalde, Asdo./ Mariano Iglesias Castro”

Sometido o asunto a votación acádase o seguinte resultado: unanimidade dos membros presentes.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

En consecuencia, se elevan a definitivas para a súa transcripción ó Libro de Actas.

2. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO SC 2/2010.

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito (referencia Suplemento de Crédito 02/2010), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e tralo estudo da proposta formulada e informe de Intervención, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito SC 02/2010, por un importe total de 5.262,29 euros, con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais, polo que se suplementará crédito na aplicación orzamentaria que de seguido se sinala e polo importe que se consigna, para atender o importe total do proxecto da obra “Depósito de auga cargas cisternas uso agrícola en Ponte Terróns, Feás, Mesía”, que se estima que non pode ser demorado para exercicios posteriores dado o interese e a urxencia que ten para un Concello como o de Mesía, que necesita paliar canto antes as deficiencias infraestruturais en servizos como o que agora se pretende acometer.

| <i>Proxecto</i> | <i>Aplicación orzamentaria</i> | <i>Orzamento según proxecto</i> | <i>Consignación</i> | <i>Importe suplemento de crédito</i> |
|--|--------------------------------|---------------------------------|---------------------|--------------------------------------|
| <i>Obra “Depósito de auga cargas cisternas uso agrícola en Ponte Terróns, Feás, Mesía”</i> | <i>4.60</i> | <i>10.530,53</i> | <i>5.268,24</i> | <i>5.262,29 euros</i> |

Segundo.- Financialo suplemento de crédito con cargo o Remanente de Tesourería para Gastos Xenerais.

Terceiro.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O expediente entenderase aprobado definitivamente, sen necesidade de novo acordo plenario, si no preceptivo período de exposición pública, non se presentasen alegacións. Se se presentaran, serán resoltas polo Pleno.

Mesía, 16 de novembro de 2010. O ALCALDE, Asdo. Mariano Iglesias Castro.”

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, sendo aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

3. ELECCIÓN XUIZ DE PAZ TITULAR.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DA ALACADÍA Ó PLENO.

Visto o escrito da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza, de data 20 de setembro de 2010, no que se insta a este Concello a iniciar expediente para elixir xuíz de paz titular debido ó vindeiro vencemento do período polo que se nomeou ó xuíz de paz titular actual.

Visto que por decreto desta Alcaldía nº 452, de data 13 de outubro, resolveuse iniciar o expediente para elección de xuíz de paz titular, ao abeiro do preceptuado no Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, de Xuíces de Paz e na Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, publicándose a correspondente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia nº 201, de data 21 de outubro de 2010, e anunciándose mediante edictos no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Ordes e no propio Xulgado de Paz.

Visto que durante o prazo de presentación de solicitudes recibíronse, segundo resulta de certificación de secretaría, as seguintes solicitudes:

- 1. D. Jaime Lata Rama. (R.E. nº 3.267, 4-11-2010).*
- 2. Dª Regina Penas Rivas. (R.E. nº 3.229, 2-11-2010). Requirimento de subsanación de documentación por parte do Concello (R.S. nº 2.595, 4/11/2010).*

Visto que en data 15 de novembro de 2010 (R.E. 3.344) recíbese neste Concello escrito de Dª Regina Penas Rivas polo que manifesta a súa renuncia a seguir na convocatoria de elección de xuíz de paz titular deste concello, solicitando que se lle teña por desistida no proceso de elección.

Resultando polo tanto que o único candidato interesado é D. Jaime Lata Rama, maior de idade, pensionista por xubilación dende 2006, e considerando que reúne as condicións legalmente esixidas de capacidade e compatibilidade, é polo que de conformidade co disposto no artigo 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, e 6 e 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, de Xuíces de Paz; propoño ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Elixir xuíz de paz titular a D. Jaime Lata Rama, pensionista por xubilación dende o ano 2006.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo ó Xuíz Decano de Ordes ós efectos de que o eleve á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza.

En Mesía, a 16 de novembro de 2010. O Alcalde, Asdo.: Mariano Iglesias Castro. “

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. POS 2011. ACORDOS QUE PROCEDAN.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

O Secretario fai lectura da moción, que literalmente di:

“PROPOSTA Ó PLENO

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, propoñe ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aprobar o Plan de provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, cuxas bases se coñecen a aceptan na súa totalidade, no que se recollen os obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2011, e de acordo co financiamento que se indica:*

A) Realización de obras:

| Denominación da obra | Estado + Deputación | Concello | Presuposto total |
|--|---------------------|-------------------|---------------------|
| CAMIÑO DO CRUCEIRO A MOU (CABRUI) E OUTROS | 62.602,18 € | 3.130,11 € | 65.732,29 € |
| CAMIÑO EN SOBRADO (MESÍA) E OUTROS | 50.419,33 € | 2.520,97 € | 52.940,30 € |
| SUBTOTAL OBRAS | 113.021,51 € | 5.651,08 € | 118.672,59 € |

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2011 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

| | Deputación |
|---|--------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes | 112.456,42 € |

C) Resumo:

| Denominación da obra | Estado + Deputación | Concello | Presuposto total |
|----------------------------------|---------------------|-------------------|---------------------|
| SUBTOTAL OBRAS | 113.021,51 € | 5.651,08 € | 118.672,59 € |
| SUBTOTAL GASTOS CORRENTES | 112.456,42 € | --- | 112.456,42 € |
| TOTAL | 225.477,93 € | 5.651,08 € | 231.129,01 € |

2.- *Aprobar o Plan complementario do ano 2011 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:*

| Denominación da obra | Presuposto |
|--|------------|
| CAMIÑO DA TORRE A ESTRADA ORDES-LANZÁ (ALBIXOI) E OUTRAS | 32.126,73 |

3.- *Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

4.- *Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2011 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2011.*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

5.- *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.*

6.- *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

7.- *Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

8.- *Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

Mesía, a 16 de novembro de 2010. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que dado a crise que estamos a sufrir, este goberno decidiu este ano destinar o cincuenta por cento da cantidade do POS a financiar gasto corrente. Este ano, como vostedes saben, xa que se foron traendo ó Pleno os correspondentes acordos, fíxose nova inversión ó longo do exercicio por máis de douscentos mil euros incorporando remanente de tesourería. Tendo en conta que ademais temos pendentes de executar por parte da Xunta douscentos noventa mil euros de inversión neste concello porque, segundo parece, o adxudicatario da obra e o primeiro e o segundo suplentes non puideron presentar o aval, e tendo en conta así mesmo que se están facendo puntuais bacheos polas parroquias con medios propios, considerouse axeitado por este equipo de goberno destinar ese cincuenta por cento a gasto corrente e o resto ós proxectos sinalados na proposta.

Pide a palabra o Sr. Bello, quen pregunta si a obra que non está a facer o goberno galego é a pista no Couto, ó que resposta o Sr. Alcalde que si, e que o adxudicatario foi Excavaciones Saavedra y López, de Narón, e non presentaron a documentación pertinente, nin eles nin os dous seguintes.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, sendo aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as nove horas e dez minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,